


# Irene Grau, *Blind Wall* [parede cega]

08.07 > 10.07.2016, 11:30h > 21:30h  
 Antigo muíño-serra de J. B. Negro, Avda. do Concello, 42,  
 Agolada (Pontevedra)


Intervención na arquitectura dunha nave industrial que en tempos albergou un muíño-serra. A metodoloxía da artista incide na cor como axente transformador do espazo e da percepción deste, tamén mediante a negación do interior da arquitectura, pois tódalas fachadas con xanelas ou portas foron cegadas por lenzos que as cobren cromaticamente nunha orde secuencial estudada *ex profes*-so. O espectador vese confrontado ao seu desexo de ver máis aló, pero a imposibilidade ante estas «paredes cegas» faino consciente doutra realidade: que a obra é o rastro visible dunha experiencia mais ampla e que esta o inclúe coma axente activo, é dicir, coma observador das calidades da pintura (superficie, cor e membrana arquitectónica), pero tamén coma corpo que no seu percorrido activa a ligazón da experiencia espazo-temporal da obra respecto á contorna (o clima, a luz, os sons etc.). Diríamos entón que na intervención de Irene Grau converxen a pintura radical monocroma, os procesos performativos e a paisaxe (entendida esta nun sentido sensorial e fenomenolóxico).

Blind.

adj. sightless, unable to see [cego/a]  
 n. window shade [persiana]  
 adj. figurative closed at one end [sen saída, cortado/a]  
 n. hunting: hiding place [agocho]



1	2	3	4
80,5x131,5 cm 149x99 cm 251x102,5 cm		80x132,5 cm 269,5x298 cm	148,5x98,5 cm 149x100 cm 149,5x98,5 cm 149x99 cm



A exposición de Irene Grau enmárcase no programa «A longa sombra dalgunhas cousas», comisariado por Álvaro Negro para *Corazón da Artesanía. V Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia*, organizado pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, Xunta de Galicia.